



**CIRCULAR 10/2014 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA E SE POÑEN EN MARCHA NOVAS ESPECIALIDADES PARA O CURSO 2014-2015.**

No curso 2010/2011, ao abeiro do regulado na disposición adicional terceira do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música establecidas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, puxéronse en marcha os novos estudos nas diferentes especialidades das ensinanzas superiores de música, procedéndose a extinción, con carácter progresivo, das ensinanzas reguladas polo Real decreto 617/1995, do 21 de abril. No artigo 7 do antedito real decreto dispónse que as administracións educativas, vista a proposta dos centros, establecerán o plan de estudos, de conformidade cos criterios determinados no mesmo.


A Orde do 30 de setembro de 2010, corrixida no DOG do 17 de abril de 2012, estableceu con carácter provisional, o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de música na Comunidade Autónoma de Galicia, definindo, no seu capítulo VI, as particularidades para o desenvolvemento das probas de acceso a ditas ensinanzas, á espera da regularización definitiva destas ensinanzas por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

As Circulares 11/2010, 11/2011, 7/2012, e a Circular 6/2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, estableceron as condicións para a extinción das ensinanzas do plan regulado polo Decreto 183/2001, do 19 de xullo, e a incorporación no seu caso do alumnado deste plan de estudos ao novo plan de estudos regulado pola Orde de 30 de setembro antedita. Igualmente, precisaron diversas cuestións referidas ao proceso de avaliación nas ensinanzas superiores de música así como da realización das probas ordinarias e extraordinarias.

Durante o pasado curso os conservatorios superiores de música da Coruña e de Vigo solicitaron perante esta dirección xeral a implantación de novas especialidades para o curso 2014-2015. Ditas solicitudes foron informadas favorablemente polos servizos de inspección educativa correspondentes, en base á existencia de recursos materiais e humanos. Para tal fin, convocáronse as correspondentes probas de acceso para as novas especialidades de: Dirección, Arpa, Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco, Musicoloxía histórica e Viola de Gamba; ás que concorreron aspirantes a todas as especialidades, agás Viola de Gamba.

As especialidades anteriormente ditas, coas súas competencias transversais, específicas e perfís profesionais atópanse recollidas no citado Real decreto 631/2010, do 14 de maio, de educación. Asemade, o plan de estudos da especialidade de musicoloxía, itinerario musicoloxía histórica, está establecido na Orde do 30 de setembro de 2010, versión corrixida no DOG do 17 de abril de 2012.

Tendo en conta o anterior, procede ditar as seguintes instrucións para a posta en marcha de novas especialidades nos conservatorios superiores de música, así como





definir diversos aspectos de organización e funcionamento en ditos centros para o ano académico 2014-2015.

### **1. Implantación de novas especialidades.**

- 1.1. A partir de curso 2014-2015 ponse en marcha o primeiro curso das seguintes novas especialidades:
  - ✓ Interpretación, itinerario Arpa, e Dirección no conservatorio superior de música da Coruña.
  - ✓ Interpretación: itinerario Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco, e Musicoloxía, itinerario Musicoloxía Histórica, no Conservatorio Superior de Música de Vigo.
- 1.2. Para a posta en marcha das ditas novas especialidades estarase ao disposto na Orde do 30 de setembro de 2010, corrección de erros do DOG do 17 de abril de 2012, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso a dito grao.
- 1.3. O plan de estudos específico, coa correspondente distribución dos créditos totais e das disciplinas correspondentes, das especialidades de Dirección de orquestra; Interpretación: itinerarios de Arpa, e Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco, son os que recollen no anexo I á presente circular.

### **2. Extinción do plan de estudos LOXSE.**

- 2.1. De acordo co disposto no Real decreto 631/2010, do 14 de maio, o curso 2014/2015 é o último no que se pode formalizar matrícula nas ensinanzas reguladas polo Decreto 183/2001, do 19 de xullo. E unicamente poderá realizar a matrícula neste plan de estudos o alumnado con materias pendentes para o efecto de superalas. Xa que logo, no curso 2015/2016 o alumnado con materias pendentes do citado plan de estudos deberá incorporarse ás ensinanzas reguladas pola Orde do 30 de setembro de 2010.
- 2.2. O alumnado con materias pendentes correspondentes ao plan a extinguir, recibirá a docencia correspondente ás ditas materias unicamente no caso de materias con ratio 1/1, e 1/2 para a especialidade de composición. No caso de materias de ratio maior, o alumnado poderá incorporarse como ouvinte nos grupos de docencia do novo plan de estudos naquelas materias que resulten ter a mesma ou similar denominación e descriptor de contidos. Será competencia da dirección de cada centro determinar esta adecuación. No caso de que non fose posible a dita adecuación, os departamentos responsables das materias que se extingan proporán á dirección as medidas de atención que garantan o dereito á titoría e orientación académica a este alumnado, e a dirección tomará as medidas oportunas para o correcto exercicio deste dereito.
- 2.3. A competencia para o desenvolvemento das probas extraordinarias referentes ás materias do plan a extinguir será da xefatura de estudos do centro. A xefatura de estudos, oído o departamento que viña sendo responsable de ditas



materias, deseñará o calendario e aspectos de desenvolvemento destas probas, correccións, revisións e calquera outro aspecto relacionado con elas.

### **3. Organización xeral do cuarto curso das ensinanzas superiores de música.**

#### **3.1. Prácticas de profesorado da especialidade de Pedagogía.**

O alumnado que curse cuarto curso na especialidade de Pedagogía da linguaxe musical deberá realizar as prácticas de profesorado nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por un total de 180 horas (6 créditos ECTS), das que 120 horas deberán ter carácter presencial, dedicando o resto á elaboración da memoria final.

Para realizar ditas prácticas o alumnado solicitará por escrito, no momento de formalizar a matrícula, ante a dirección do centro no que desexa realizar as prácticas, a admisión como alumno/a en prácticas do departamento de Linguaxe musical, utilizando o modelo de formulario que figura no Anexo II.

As prácticas estarán coordinadas polo/a xefe/a de departamento de Linguaxe musical, que realizará as funcións de titor/a de prácticas e se encargará da organización e seguimento das mesmas. As prácticas seranlle asignadas preferentemente aos/ás profesores/as funcionarios/as de carreira pertencentes á especialidade de Linguaxe musical que previamente mostrasen a súa dispoñibilidade para aceptar alumnado en prácticas.

A certificación da realización das prácticas corresponderalle ao/á xefe/a de departamento de Linguaxe musical, á vista do informe elaborado polo/a titor/a de prácticas, utilizando os modelos de formulario que figuran nos anexos III e IV.

A cualificación final correspóndelle ao/á xefe/a do departamento de Pedagogía da Linguaxe musical do conservatorio superior no que estea matriculado/a o/a alumno/a, vista a certificación remitida polo conservatorio profesional, e logo de valorar a correspondente memoria das prácticas, que deberá ser entregada polo/a alumno/a o día 22 de maio de 2015.

A memoria deberá recoller, como mínimo, a descrición organizativa do centro e do perfil sociolóxico xeral do alumnado e do seu contorno cultural, as fichas de seguimento das actividades realizadas no período de prácticas, así como quince unidades didácticas dunha materia relativa ao curso académico relacionado coa especialidade motivo das prácticas.

As prácticas poderán ser validadas no caso de que o/a alumno/a acredite que desenvolveu a función docente na especialidade obxecto das prácticas nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por un período mínimo dun curso académico. Correspóndelle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa resolver ditas validacións, que deberán ser tramitadas polo conservatorio superior de música a petición do/a



interesado/a. No caso de que o conservatorio profesional estea radicado noutra comunidade autónoma, o/a interesado/a deberá achegar unha certificación visada polo respectivo servizo de inspección educativa.

### 3.2. Traballo fin de estudos.

3.2.1. Ao finalizar o cuarto curso o alumnado desenvolverá un Traballo Fin de Estudos (TFE), cunha asignación de 10 créditos ECTS, consistente nun proxecto relacionado cos ámbitos de coñecemento abordados ao longo dos seus estudos. Dito TFE, segundo as diferentes especialidades, e tendo en conta o perfil profesional de cada unha delas, terá as seguintes características:

- ✓ Especialidade Composición.- Elaboración e defensa dun traballo de composición constituído por dúas obras musicais: unha para orquestra ou banda, e outra para grupo de cámara, na que se amose o grao de coñecemento abordado ao longo dos seus estudos así como a aplicación dos mesmos. Como parte integrante do TFE, presentarase unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro. As obras deberán ser interpretadas en concerto ou audición pública, posterior á defensa de dito traballo. A duración e características da mesma establecerase en función dos criterios establecidos polo departamento, e tendo en conta os medios dispoñibles no centro.
- ✓ Especialidade Interpretación.- Proposta dun programa de concerto e interpretación pública do mesmo, con elaboración dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e aprobada polo departamento. Dito concerto deberá ter unha duración entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os quince minutos. O traballo académico deberá ter unha extensión mínima de vinte páxinas, en tamaño DIN A-4 con letra Arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro.
- ✓ Especialidade Musicoloxía.- Elaboración, e posterior defensa, dun traballo de investigación relacionado coas disciplinas obrigatorias específicas das abordadas polo/a alumno/a ao longo dos seus estudos. O traballo de investigación deberá ter unha extensión mínima de cen páxinas, en tamaño DIN A-4 con letra Arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro.
- ✓ Especialidade Pedagogía da Linguaxe musical.- Elaboración, e posterior defensa, dun traballo académico relacionado coa especialidade e a súa aplicación, incidindo directamente no



desenvolvemento profesional da Pedagogía da Linguaxe. O traballo incluíra unha proposta didáctica que trate de desenvolver ámbitos da ensinanza da linguaxe musical nas ensinanzas elementais e/ou profesionais da música, desenvolvendo materiais didácticos específicos para acadar obxectivos definidos. O traballo académico deberá ter unha extensión mínima de cen páxinas, en tamaño DIN A-4 con letra Arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro.

- 3.2.2. A matrícula correspondente ao TFE formalizarase xunto coa matrícula ordinaria das materias correspondentes ao cuarto curso, cando se trate de matrícula de curso completo, estando a súa presentación pública condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da especialidade que curse o/a alumno/a. A presentación pública do TFE celebrarase durante un período de tempo non superior a oito meses contados desde a finalización do período de exames no que o/a alumno/a supere as disciplinas necesarias. O alumnado que non supere dito TFE disporá dunha segunda convocatoria que deberá ter lugar dentro dun período máximo de oito meses contados desde a convocatoria non superada. Co fin de non interferir no correcto desenvolvemento das actividades do conservatorio, o centro propondrá un calendario para o efecto.
- 3.2.3. O alumnado do TFE deberá propoñerlle ao departamento da súa especialidade, do xeito e no prazo estimado determinado por dito órgano, e achegando a documentación necesaria, o tema concreto que pretende desenvolver, quen determinará a súa idoneidade en función dos requisitos esixibles. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento, ou formular unha nova proposta.

O alumnado do TFE contará coa titoría dun/ha profesor/a da especialidade, en horario que será determinado pola xefatura de estudos do conservatorio, oído o equipo docente da especialidade e en función das necesidades de organización xeral da mesma.

- 3.2.4. Para a organización, avaliación e cualificación do TFE, constituirase un tribunal integrado preferentemente polos/as docentes da especialidade correspondente das ensinanzas superiores de música, nomeado/a pola dirección do centro, a proposta da xefatura de estudos do mesmo, que estará integrado por un/ha presidente, un/ha secretario/a e tres vogais. A dirección do centro ordenará a substitución de calquera dos membros do tribunal, cando proceda, por ausencia xustificada.

A cualificación do TFE, que será única, calcularase a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión de cualificación, expresada en termos numéricos



cun decimal, eliminando as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre si tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, só será excluída unha delas.

#### **4. Incorporación de alumnado procedente do plan LOXSE.**

O alumnado que estea cursando o plan de estudos a extinguir e desexe incorporarse ao novo plan de estudos, regulado pola Orde de 30 de setembro de 2010, poderá facelo nas seguintes condicións:

- 4.1. O alumnado que teña estado matriculado no ano académico 2013/2014, nas ensinanzas correspondentes ao plan a extinguir, poderá solicitar a súa incorporación ao novo plan, sempre que se trate da mesma especialidade e itinerario, no seu caso. Unha vez realizada a matrícula, poderá instar o recoñecemento dos créditos cursados que correspondan, segundo o procedemento que se establece no punto 6 desta circular. No caso do alumnado que teña esgotadas as convocatorias, a dirección do centro elevará un informe razoado á dirección xeral que autorizará o cambio de plan se procede.
- 4.2. O prazo para solicitar o cambio de plan nas condicións anteditas, será o establecido polos centros superiores para a matrícula extraordinaria de setembro.
- 4.3. As convocatorias consumidas no plan a extinguir non se computarán nas convocatorias que se realicen para superar as disciplinas do novo plan ao que se accede. Igualmente, tampouco deberá terse en conta a permanencia no centro consumida no plan anterior, para os efectos do máximo de permanencia nas ensinanzas ás que se accede, segundo o disposto no artigo 15, punto 4 da Orde de 30 de setembro de 2010.

#### **5. Mobilidade do alumnado e recoñecemento de créditos.**

Para o recoñecemento e transferencia de créditos cursados noutras especialidades e/ou comunidades autónomas, serán de aplicación as normas previstas no artigo 10 do Real decreto 631/2010, do 14 de maio. O procedemento para o recoñecemento de créditos será o descrito no punto 6 desta circular.

Para os efectos do establecido no artigo 7.f da Orde do 30 de setembro de 2010, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas superiores de grao en Música na Comunidade autónoma de Galicia e se regula o acceso a dito grao, o alumnado poderá obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos ECTS, pola participación, debidamente acreditada, en actividades culturais, artísticas, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Ditos créditos ECTS serán recoñecidos como materias optativas, segundo o procedemento descrito no punto 6 desta circular.

#### **6. Procedemento para o recoñecemento de créditos.**

- 6.1. De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, o alumnado que tendo cursado materias do plan de



estudos a extinguir regulado polo Real decreto 617/1995, do 21 de abril, desexa incorporarse ao plan de estudos regulado polo Real decreto 631/2010, do 14 de maio, poderá instar a validación de disciplinas correspondentes ao plan novo, por materias de contido e carga lectiva análogos ás cursadas no plan a extinguir.

- 6.2. A validación das disciplinas farase de xeito individualizado, segundo o seguinte procedemento:
  - 6.2.1. O prazo para solicitar dito recoñecemento será de quince días hábiles contados a partir do primeiro día de clase
  - 6.2.2. O/a interesado/a dirixirá a solicitude de recoñecemento de créditos á dirección do centro achegando a seguinte documentación:
    - ✓ Certificación académica de ter superados os estudos, materias ou disciplinas obxecto do recoñecemento solicitado.
    - ✓ Programacións ou guías docentes visadas polo centro de estudos oficial correspondente, das materias ou disciplinas superadas que serven de soporte á solicitude, cando se trate de estudos cursados fóra desta Comunidade Autónoma.
  - 6.2.3. A dirección a trasladará ao departamento ao que corresponda a disciplina ou disciplinas que se pretenden validar, no caso de que se trate de máis dunha.
  - 6.2.4. O departamento informará a validación, positiva ou negativamente, tendo en conta a analoxía dos contidos e os créditos tanto da materia cursada como da disciplina que se pretende validar.
  - 6.2.5. A dirección, recibido informe do departamento, e á vista do mesmo remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, as solicitudes xunto coa documentación relativa ás mesmas, acompañada do informe da xefatura de estudos co visto e prace da dirección, antes do 15 de outubro de 2014.
  - 6.2.6. Para os efectos do recoñecemento de créditos ECTS, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión que, logo de valorar os expedientes, propondrá á dirección xeral as resolucións individualizadas de cada solicitude antes do 28 de novembro de 2014.
- 6.3. Para a incorporación de alumando procedente do plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, estarase igualmente ao disposto na citada disposición adicional cuarta do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, e anexos relacionados nesta mesma norma.
- 6.4. En calquera caso, o cambio do plan antigo ao novo so poderá facerse cando se realice na mesma especialidade e itinerario, no seu caso.



- 6.5. Os modelos de formularios e informes para a tramitación das solicitudes de recoñecementos de créditos son os que figuran no anexo V desta circular.

## **7. Programacións docentes.**

- 7.1. As programacións docentes serán elaboradas polo profesorado que imparta cada unha das disciplinas dos estudos superiores de música, e supervisadas polo departamento correspondente. En relación cos contidos partírase dos descritores de competencias que se recollen no anexo I do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, e dos descritores de contidos básicos que se recollen no anexo II do mesmo real decreto; a efecto de estrutura da programación estarase ao disposto ao respecto na Circular 6/2009 actualmente vixente para a ordenación académica dos conservatorios superiores de música, no seu apartado 1.5. O formato para a elaboración do documento é o que figura no anexo VI.
- 7.2. Unha vez aprobadas serán remitidas, antes do 15 de outubro, ao servizo de inspección correspondente, e á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.

## **8. Matrícula.**

Para os efectos de formalización de matrícula para o curso 2014-2015, serán de aplicación as normas xerais recollidas no artigo 8 da Orde de 30 de setembro de 2010, tendo en conta as aclaracións que seguen.

- 8.1. Non se poderá simultanear a matrícula en máis dun centro de ensinanza superior de música de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, agás no caso de que se curse máis de unha especialidade e non existan nun mesmo centro.
- 8.2. No caso de que un alumno ou alumna desexa cursar unha segunda especialidade ou itinerario deberá ter superada a proba de acceso correspondente. Obrarase do mesmo xeito no caso de cambio de especialidade instrumental para o alumnado que curse a especialidade de Pedagogía, así como o alumnado que curse o itinerario de Jazz.
- 8.3. A matrícula para o primeiro curso académico será de curso completo.
- 8.4. Para os cursos seguintes o alumnado só poderá matricularse das disciplinas correspondentes a dous cuatrimestres consecutivos naquelas disciplinas consideradas de contidos progresivos.
- 8.5. Con carácter xeral, o alumnado deberá matricularse cando menos de todas as disciplinas correspondentes ás disciplinas de formación básica do curso máis alto no que se matricule, sen que se poida superar o número máximo de créditos dispostos no punto 8.6. Ademais, considéranse de matrícula obrigatoria as seguintes disciplinas, segundo as especialidades:
- 8.5.1. Instrumento, da especialidade de Interpretación.





- 8.5.2. Teoría e práctica da improvisación do jazz, da especialidade de Interpretación, itinerario de Jazz.
- 8.5.3. Composición, da especialidade de Composición.
- 8.5.4. Instrumento principal, da especialidade de Pedagogía.
- 8.5.5. Dirección de orquestra e Dirección de coro, na especialidade de Dirección.
- 8.5.6. Traballo fin de estudos (TFE).
- 8.6. Sen prexuízo do disposto no punto 8.5 anterior, o número mínimo de créditos matriculados por curso académico será de 30, e o número máximo será de 75.
- 8.7. Para os efectos de cómputo do número máximo e mínimo de créditos establecido no punto anterior, non serán tidos en conta os créditos referentes ás disciplinas nas que o/a alumno/a teña solicitado recoñecemento de créditos.
- 8.8. No caso da matrícula en disciplinas pendentes, será obrigatorio matricularse en todas as disciplinas pendentes consideradas de contidos progresivos; en calquera caso, deberá matricularse das disciplinas correspondentes aos dous cuatrimestres seguintes ao último que teña superado, con independencia do cuatrimestre no que se impartan.
- 8.9. No caso de disciplinas descritas no punto anterior e de ratio superior a 1/1 o alumnado poderá matricularse só dun cuatrimestre se este corresponde ao segundo cuatrimestre do curso natural.
- 8.10. Os centros habilitarán un período extraordinario de matrícula no mes de setembro, para o efecto de que poidan matricularse neste período extraordinario o alumnado que teña solicitado, ao abeiro do establecido no punto 4 desta circular, o cambio de plan de estudos ás ensinanzas superiores de música así como aquel que teña accedido en virtude da proba de acceso de setembro. Asemade, os centros habilitarán un período extraordinario de matrícula ao longo do primeiro cuatrimestre para o efecto de que se matricule o alumnado que teña superado disciplinas pendentes ao longo do primeiro cuatrimestre.

## **9. Avaliación.**

- 9.1. Dado o carácter esencialmente práctico dos contidos que se imparten nestas ensinanzas, a avaliación continua constitúe a ferramenta básica no proceso de avaliación. Consecuentemente, e para unha correcta aplicación deste principio, a asistencia regular do alumnado ás actividades lectivas constitúe condición indispensable do proceso de avaliación. Para este fin, e segundo o establecido na programación docente de cada disciplina, a aplicación das ferramentas de avaliación deberá ter un carácter regular e permanente, de xeito que quede garantido o principio da avaliación continua.
- 9.2. A Comisión de coordinación pedagóxica de cada centro propondrá aos órganos colexiados do centro para a súa aprobación, un protocolo no que establezan:



- 9.2.1. As condicións nas cales un alumno ou alumna pode incorrer na perda do dereito á avaliación continua por absentismo insuficientemente xustificado.
- 9.2.2. O procedemento para a comunicación ao alumno ou alumna afectado/a así como para a resolución.
- 9.2.3. Os procedementos de avaliación alternativos no caso de perda do dereito á avaliación continua, que serán establecidos polos departamentos e aprobados polos órganos do centro con competencias pedagóxicas.
- 9.3. A asistencia ás actividades complementarias e/ou extraescolares, cando a realización de tales actividades estea recollida como elemento avaliable dentro da programación docente de cada disciplina e teñan sido aprobadas para a súa execución polos órganos colexiados competentes de cada centro, formará parte do proceso de avaliación nos termos e coa ponderación que para tal efecto se teña establecido na programación docente.
- 9.4. No período que media entre o remate das probas correspondentes ao segundo cuatrimestre e o inicio das probas extraordinarias de xullo, o profesorado manterá o seu horario de titorías docentes, que poderá ser modificado co praxe da xefatura de estudos para adaptalo ás dispoñibilidades de espazos e demais necesidades docentes. No marco desas titorías docentes o profesorado poderá programar actividades de recuperación especificamente orientadas ao alumnado que non teña superado as convocatorias ordinarias de 1º e/ou de 2º cuatrimestre. A asistencia a tales actividades terá a consideración de obrigatoria, formando parte do proceso de avaliación, segundo se teña recollido na guía docente da disciplina.
- 9.5. En tanto non se regulen os documentos de avaliación propios das ensinanzas artísticas superiores que substitúan aos actualmente en uso, os centros manterán este últimos, coas modificacións e adaptacións necesarias.
- 9.6. O suplemento europeo ao título, será obxecto de regulación específica.

## **10. Convocatorias.**

No referente ás convocatorias e avaliación, serán de aplicación as normas xerais recollidas nos artigos 11, 12 e 13 da Orde de 30 de setembro de 2010, así como o establecido na presente circular:

- 10.1. O alumnado disporá só dunha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria por disciplina e cuatrimestre en cada curso académico.
- 10.2. O alumnado non pode ser avaliado dunha disciplina considerada de contidos progresivos en tanto non teña superada a disciplina de número correlativo inferior.
- 10.3. Para os efectos de regularizar a docencia e promover a progresión académica do alumnado que tivera disciplinas pendentes, os centros organizarán, previa



solicitud do alumnado, as probas correspondentes ás convocatorias ordinarias das disciplinas nas que estea matriculado antes de finalizar o primeiro cuadrimestre.

- 10.4. As convocatorias ás que un alumno ou unha alumna non se poida presentar en aplicación do punto 10.2 desta circular, serán anuladas de oficio pola dirección do centro sen necesidade de instar procedemento de renuncia por parte do/a interesado/a.
- 10.5. As convocatorias consumidas nun centro distinto dos da Comunidade Autónoma de Galicia non serán tidas en conta aos efectos de cómputo de convocatorias.
- 10.6. Para o curso 2014-2015 establécese o seguinte calendario lectivo e de probas de avaliación no referido ás ensinanzas superiores de música:
